

***OS CRUCEIROS DA TERRA CHÁ. ALGUNHAS TIPOLOXÍAS DOS
CRUCEIROS, CRISTOS E CRUCES DE XERMADE.***

AUTORES: FERNANDO ARRIBAS ARIAS.

JOSÉ MANUEL BLANCO PRADO.

REFERENCIA ESENCIAL:

**Libro *CATÁLOGO DE CRUCEIROS DA TERRA CHÁ. CRUCEIROS DE
XERMADE*. Sada (A Coruña): Ed. do Castro, 2000. Autoría.: **FERNANDO ARRIBAS
ARIAS E JOSÉ MANUEL BLANCO PRADO.****

I. RASGOS XERAIS SOBRE O MUNICIPIO DE XERMADE.

É un concello lucense, pertencente á diocese de Mondoñedo- O Ferrol, que está ubicado no extremo noroccidental da Terra Chá. Ten unha extensión de 167 km² e unha das densidades máis baixas de Galicia (18,6 hab/km²).

Dúas estradas atravesan o municipio, a C-630 (Betanzos-Viveiro) e a C-631 (Lugo-Ferrol). A capital da demarcación é Xermade, distante 50 km. de Lugo e 15 de Vilalba, vila rectora da Terra Chá.

A topografía do concello é en xeral chá. De tódolos xeitos o relevo faise máis agreste no N. e O. do término onde arrincan as serras da Carba –700-800 metros- e da Loba –700 metros-. Dámbolos dous sistemas montañosos descenden arrosios de cara ós rios Labrada e Trimaz, afluentes do Ladra, que verte as súas augas no curso alto do Miño. Un pequeno tramo do noroeste aporta as súas augas á conca do Eume¹.

O clima é oceánico cunha tendencia á continentalización. Isto é debido ás alineacións montañosas do N. e O., que pechan o paso a maioría das borrascas oceánicas facendo diminuír as temperaturas.

A poboación, logo dun período de crecemento na primeira metade do século pasado, comezou unha etapa de regresión na que case perdeu a metade da súa poboación. A causa fundamental deste feito foi a emigración e como consecuencia un aumento do envellecemento, que ocasionou un crecemento natural negativo².

O fundamento da economía, tanto pola súa produción coma pola man de obra ocupada, recaeu nas actividades agropecuarias. Os demais sectores económicos tiveron unha mínima presenza empresarial no concello, aínda que o sector adicado ás actividades comerciais e servicios incrementouse debido ó trasvase da man de obra da agricultura.

A maioría das parroquias do concello pertenceron nas súas orixes á xurisdicción de Vilalba, a de Roupar ó mosteiro de Meira, a de Momán ó de Monfero e Xermade formou parte do señorío dos Andrade. O ano 1840 é a data na que aparece por primeira vez o concello de Xermade. Nos anos vinte do século pasado a constante emigración ós países iberoamericanos propiciou a creación en Cuba de varias sociedades culturais,

¹ VÁZQUEZ CERNADAS, M^a del Carmen . “Xermade”, en *Galicia pueblo a pueblo*. La Voz de Galicia. Xunta de Galicia, A Coruña, 1993. paxs. 1574-1575.

como a Liga Agraria de Xermade, os Fillos de Roupar e S. Mamede de Momán, que costearon as escolas de Roupar e Coto do Ameixeiro³.

Dende o punto de vista artístico é mester distinguir a “Casa da Torre de Roupar” e as igrexas parroquiais de Cabreiros, que posúe un retábulo do século dazaioito, e Momán, ámbalas dúas dun sinxelo estilo barroco. Tamén son de interese o retábulo, do século dazaioito, da igrexa de Candamil a a cruz procesional, do século dazaseis, da igrexa de Burgás.

II. LOCALIZACIÓN DO MUNICIPIO DE XERMADE.

O municipio de Xermade ocupa unha superficie de 166,27 km² e posúe unha poboación, segundo o I.G.E.⁴ do ano 2019, de 1806 habitantes, distribuída en 10 parroquias⁵. A súa principal entidade de poboación é Xermade, capital do municipio, situada na parroquia do mesmo nome. Limita cos seguintes municipios: ao Norte, co de Muras ; ao Sur, cos de Guitiriz e Vilalba ; ao W., cos de Monfero e as Pontes de García Rodríguez; e ao Leste co de Vilalba. A este municipio, que se encontra a uns 50 km. da cidade de Lugo, accédese dende a A6, saíndo en Parga, en dirección a Buriz (Guitiriz) pola LU-170. Dende a A8, saíndo de Vilalba pola LU-861. Dende a AG-64, polas saídas de Cabreiros e Lousada. E dende Viveiro pola estrada LU-540.

Ademaís, este municipio forma parte da Comarca da Terra Chá, que está situada na parte Centro- Norte da provincia de Lugo. Ten unha poboación, segundo o I.G.E. do 2019, de 39.935 habitantes, e ocupa unha extensión de 1822, 75 km², sendo considerada a comarca máis extensa e chá de Galicia. Abrangue, ademaís deste municipio, aos de Abadín; Begonte; Castro de Rei; Cospeito; Guitiriz; Muras; A Pastoriza; e Vilalba.

² VÁZQUEZ CERNADAS, M^a del Carmen. Ob. cit. páx. 1576.

³ FERNÁNDEZ ABEL, Severino. “Xermade”, en *G.E.G.*, t. 30, Silverio Cañada, Santiago, pax.192.

⁴ Instituto Galego de Estadística.

III. CRUCEIROS DE XERMADE.

Neste concello localizamos 94 destas mostras de relixiosidade popular, entre cruceiros, cristos e cruces; elevado número se o comparamos coa relación recollida no Plan Xeral de Ordenación Urbana de Xermade publicada no número 120 do Boletín Oficial da Provincia o 4 de xuño de 2003, no que se inclúen só 46 entre cruceiros e petos de ánimas. Sen embargo, a pesar do minucioso traballo de campo, non descartamos a existencia dalgunha cruz máis no medio do monte ou á beira dun camiño abandonado e da que os veciños deste concello non nos poideron informar porque xa a teñen perdida na memoria.

Polo que respecta ós cruceiros, temos que precisar que moitos deles non presentan efixies, pero si base, fuste, capitel e cruz, elementos que para nós son suficientes para que poidamos falar de cruceiro. Obra realmente excepcional é o denominado “Cristo enxoiado”, pois presenta sobre a cruz un disco circular que a xeito de paraguas protexe as efixies das inclemencias metereolóxicas.

En relación ás cruces, atopamos un elevado número que se caracterizan pola grande variedade tipolóxica, tamaño e materiais. A máis antiga é a de Orxás (Lousada) do ano 1823, data que figura na intersección dos seus brazos.

Menos frecuentes son os Cristos, dos que só localizamos dúas mostras. O máis antigo é o dos Fornos (Lousada).

CONCELLO DE XERMADE			
PARROQUIAS	CRUCEIROS	CRISTOS	CRUCES
BURGÁS	9		1
CABREIROS	8		3
CANDAMIL	6		2
CAZÁS	11		7
LOUSADA	5	1	4
MIRAZ	1		

⁵ Parroquias de Burgás, Cabreiros, Candamil, Cazás, Lousada, Miraz, Momán, Piñeiro, Roupar e Xermade.


MOMÁN	4		5
PIÑEIRO	4		1
ROUPAR	6	1	8
XERMADE	4		3

<i>CRUCEIROS, CRISTOS E CRUCES DESAPARECIDOS</i>			
PARROQUIAS	CRUCEIROS	CRISTOS	CRUCES
BURGÁS			
CABREIROS	1		2
CANDAMIL	1		
CAZÁS	1		
LOUSADA	1		
MIRAZ			
MOMÁN	1		1
PIÑEIRO			1
ROUPAR			
XERMADE			


IV. MAPAS DE LOCALIZACIÓN ⁶.

⁶ *Mapas realizados polo delineante José Cancio Fernández.*

LOCALIZACIÓN GEOGRÁFICA
DO CONCELLO DE XERMADE



CONCELLO DE XERMADE



SIMBOLOXÍA

- ▽ CRISTOS
- + CRUCEIROS
- CRUCES

LOCALIZACIÓN NUMÉRICA DAS PARROQUIAS

- | | |
|-------------|------------|
| 1 LOUSADA | 6 XERMADE |
| 2 ROUPAR | 7 CANDAMIL |
| 3 PIÑEIRO | 8 BURGÁS |
| 4 CABREIROS | 9 MOMÁN |
| 5 MIRAZ | 10 CAZÁS |

V. ALGUNHAS TIPOLOXÍAS DOS CRUCEIROS DO MUNICIPIO DE XERMADE.

Imos facer un breve resumo dos cruceiros deste municipio atendendo a unha serie de aspectos: a situación que ocupan; a propiedade; en canto aos distintos elementos da súa composición: plataforma, base, fuste, capitel e cruz; a datación destes; en relación ás persoas ligadas coa súa construción; aos motivos explícitos da súa feitura; con respecto a aqueles, que posúen restos de policromía; tamén, en canto aos materiais, que se empregan na súa construción.

1. A SITUACIÓN.

Con respecto á situación encontramos dazasete cruceiros e seis cruces nun cruzamento de viarios⁷; *vinteún cruceiros e dazaioito cruces* ao carón dun viario⁸; *oito cruceiros e tres cruces* no adro da igrexa⁹; *trece cruceiros, dous cristos e seis cruces* no interior dunha propiedade¹⁰; *tres cruceiros e dúas cruces* ao carón do antigo camiño real¹¹; *tres*

⁷ Cruceiros de Alboiana (Burgás), do Xastre (Burgás), do S. Martiño (Cabreiros), de Leboré (Cabreiros), da Touza (Cabreiros), do Aruxo (Cazás), da Casavella (Cazás), da Pena de Arca (Cazás), de Augas Roibas (Cazás), da Casavella (Lousada), do Campo da Feira (Lousada), da Pígaroa (Momán), da Cerveira (Piñeiro), da Panda (Piñeiro), das Barreiras (Roupar), do Campo (Roupar) e da Torre (Roupar).

Cruces de Cabreiros (Cabreiros), da ermida da Pastora (Cazás), do Seo (Cazás), de Orxás (Lousada), do Sanche Pequeno (Piñeiro) e da Ribeira (II) (Roupar).

⁸ Cruceiros da “Casa de Charón” (Burgás), do Medio (Burgás), do Barro (Burgás), do Revellón (Cabreiros), do Empalme (Cabreiros), do Rego (Cabreiros), de Cabreiros (Cabreiros), das Pedregosas (Candamil), do Castellano (Candamil), do Calvario (Cazás), do Cemiterio (Cazás), da Pedra do Val (Cazás), do Covillón (Cazás), da Carballosa (Cazás), de Freán (Cazás), de Vilachá (Lousada), do Pichel (Momán), do Campo da Feira (Momán), da Xunqueira (Piñeiro), de Ferreirías (Piñeiro) e da Criba (Roupar).

Cruces do Camiño da Touza (Cabreiros), do Carregal (Cabreiros), de ferro (Candamil), do Rego de Lavandeira (Cazás), da Golpilleira (Cazás), da Trancadilla do Capeirón (Cazás), da Veiga (Lousada), de Vicenta Balsa (Lousada), de Quiroga (Momán), de ferro (Momán), da Pallota (I) (Momán), da Pallota (II) (Momán), do Fonxérez (Momán), da Ribeira (I) (Roupar), de Portonovo (Roupar), do Baxín (Roupar), de Penelas (Roupar) e do Carteiro (Xermade).

⁹ Cruceiros dos adros das igrexas de Burgás, Cabreiros, Candamil, Miraz, Momán, Roupar (2) e Xermade.

Cruces dos adros das igrexas de Cabreiros e Roupar (2).

¹⁰ Cruceiros da “Casa de Charón” (Burgás), da “Casa de Pascualiñas” (I) e (II) (Burgás), dos Currás (Burgás), do Revellón (Cabreiros), da Touza (Cabreiros), do Carballiño (Candamil), dos Currás (Candamil), da “Casa da Pena” (Candamil), do Calvario (Cazás), do Aruxo (Cazás), do Pichel (Momán), e do Camiño (Xermade).

Cristos de Besura (Cazás) e dos Fornos (Roupar).

Cruces da “Casa da Pena” (Candamil), da Ribeira (I) (Roupar), de Penelas (Roupar), do Vilar (Roupar), das Casas Novas (Xermade) e da “Casa do Camiño” (Xermade).

¹¹ Cruceiros da Pedra do Val (Cazás), do Covillón (Cazás) e da Casavella (Cazás).

Cruces do Rego de Lavandeira (Cazás) e da Rega (Lousada).

cruceiros ao carón e no interior dun cemiterio¹²; tres cruceiros e unha cruz ao carón e preto dunha ermida e capela¹³; e o “Cristo enxoiado” na praza da vila.

2. A PROPIEDAD.

2.1. PROPIEDAD PRIVADA.

Cruceiros da “Casa de Charón” (Burgás); da “Casa de Pascualiñas” (I eII) (Burgás); do Medio (Burgás), “ **Familia dos Ramil**”; de Alboiana (Burgás), “**Casa de Rafael Barro**”; dos Currás (Burgás), “**Casa de Mary Carmen Ladra**” ; do Xastre (Burgás), “**Pablo, Xaime e Dolores Rodríguez Polo**” (**FOTO 1**); do Barro (Burgás), “**Casa do Barro**”; de Leboré (Cabreiros) (**FOTO 2**) ; do Revellón (Cabreiros), “**Herdeiros da “Casa de José do Farruco**”; Cruceiro do Rego (Cabreiros) (**FOTO 3**); Cruceiro do San Martiño (Cabreiros); da Touza (Cabreiros), “**Casa de Juan Seco**”; do Empalme (Cabreiros), “**Herdeiros da “Casa de Candido Paz Vivero e os da “Casa de Amarelo**”; das Pedregosas (Candamil), “**Inés Ramil Santalla**”; do Carballiño, “**Manuel Martínez Prieto**”. “**Casa do Carballiño**”; do Castellano (Candamil), **Adelina Barro González**. “**Casa do Castellano**” (**FOTO 4**); dos Currás (Candamil); da “Casa da Pena” (Candamil), “**Rafael Blanco Verez**”; do Calvario (Cazás), “ **Casa de Orosa**”; do Aruxo (Cazás), “**Jovita Villares Carballido**” (**FOTO 5**) ; da Pena de Arca (Cazás), “**Porfirio Piñeiro Roca**”; da Carballosa (Cazás), “**María San Martín Díaz**”; de Freán (Cazás), “**Manuel Rodríguez Alonso**”; de Augas Roibas (Cazás), “**Casa de Augas Roibas**”; Cristo de Besura; de Vilachá (Lousada), “**Raquel Ladra Ledo**” (**FOTO 6**) ; da Casavella (Lousada), “**Candida Vella**”; do Pichel (Momán); das Barreiras (Roupar); da Torre (Roupar), “**Casa de Domingo Felpeto**”; da Criba (Roupar) “**Andrea Arias**”; ; Cristo dos Fornos, “**José Corral Ferreiro**. “**Casa da Picota**”; do Camiño (Xermade), “**Casa do Camiño**”.

Cruces do Camiño da Touza (Cabreiros), “**Antonio Rodríguez Amarelo**”; de Cabreiros (Cabreiros), “**Antepasados de José Prieto Cela**”; da “Casa da Pena” (Candamil), “**Rafael Blanco Verez**”; de Ferro (Candamil), “**Casa de Roque**” ; do Rego de Lavandeira (Cazás), “**Maruxa Castro**”; de Ferro da Ermida da Pastora;

¹² Cruceiros do cemiterios de Cazás, o Pazo e Lousada.

¹³ Cruceiros da ermida da Pastora (Cazás), do Campo (Roupar) e de Castiñeiras (Xermade). Cruz de ferro da ermida da Pastora (Cazás).

(Cazás); do Seo (Cazás); da Golpilleira (Cazás); da Trancadilla do Capeirón (Cazás), “**Casa do Capeirón**”; da Veiga (Lousada); da Rega (Lousada) “**Vicente Pernas**”; da Ribeira (I) (Roupar), “**Jaime Maseda**”; da Ribeira (II) (Roupar), “**Casa de Manuel Ardao**”; de Penelas (Roupar), “**Juan Pernas Prieto**”; do Vilar (Roupar), “**Cesáreo López Pico**”; das Casas Novas (Xermade), “Casa do Ferreiro”; da “Casa do Camiño” (Xermade).

2.2. PROPIEDAD PÚBLICA.

Cruceiros do adro da igrexa (Burgás) (**FOTO 7**); do San Martiño (Cabreiros); do adro da igrexa (Cabreiros) (**FOTO 8**); do adro da igrexa (Candamil); do adro da igrexa (Cazás); do Cemiterio (Cazás); da Pedra do Val (Cazás); do Covillón (Cazás); da Casavella (Cazás) (**FOTO 9**); da ermida da Pastora (Cazás); do Cemiterio (Pazo) (Lousada); do Campo da Feira (Lousada); do Cemiterio (Lousada); do adro da igrexa (Lousada); do adro da igrexa (Miraz) (**FOTO 10**); do adro da igrexa (Momán); do Campo da Feira (Momán); da Pigaroa (Momán); de Ferreirías (Piñeiro) (**FOTO 11**); da Cerveira (Piñeiro); do adro da igrexa (2) (Roupar); do Campo (Roupar) (**FOTO 12**); do adro da igrexa (Xermade) (**FOTO 13**); Cristo Enxoito (Xermade) (**FOTO 14**); e de Castiñeiras (Xermade).

Cristos de Besura (Lousada); e dos Fornos (Roupar).

Cruces do adro da igrexa (Cazás); de Vicenta Balsa (Lousada); de Quiroga (Momán); de ferro (Momán); da Pallota (I e II) (Momán); do Fonxérez (Momán); do Sanche Pequeño (Piñeiro); do adro da igrexa (I e II) (Roupar).

3. A CONSERVACIÓN.

Referente a súa conservación atopamos *dazanove cruceiros e seis cruces*, que amosan algún elemento artístico ou máis deteriorados¹⁴; e *dous cruceiros e unha cruz*, que

¹⁴ Cruceiros da “Casa de Charón” (Burgás), de Leboré (Cabreiros), do Empalme (Cabreiros), das Pedregosas (Candamil), do Castellano (Candamil), do Aruxo (Cazás), da Pedra do Val (Cazás), do Covillón (Cazás), da Casavella (Cazás), da Carballosa (Cazás), de Augas Roibas (Cazás), da Casavella (Lousada), do Cemiterio (Lousada), do adro da igrexa (Momán), do Pichel (Momán), do Campo da Feira (Momán), da Pigaroa (Momán), do adro da igrexa (Roupar) e Cristo Enxoito (Xermade).

Cruces do Carregal (Cabreiros), de ferro da ermida da Pastora (Cazás), do Sanche Pequeño (Piñeiro), da Ribeira (I) (Roupar), de Portonovo (Roupar), do Carteiro (Xermade).

mostran unha perigosa estabilidade¹⁵. Así mesmo foron restaurados *sete cruceiros, dous cristos e dúas cruces*¹⁶.

4. OS ELEMENTOS ARTÍSTICOS DO CRUCEIRO.

O cruceiro amosa, con respecto a súa composición, os seguintes elementos: a plataforma, a base, o fuste ou varal, o capitel e a cruz.

O Cristo mostra a plataforma, a base e a cruz con efixies.

Finalmente, a cruz pode chegar a ter os mesmos elementos que o Cristo mais sen efixies na cruz.

4.1. A PLATAFORMA.

A plataforma mostra un chanzo en *doce cruceiros, un cristo e dúas cruces*¹⁷; dous en *dazanove cruceiros e catro cruces*¹⁸; tres en *vinteun cruceiros e unha cruz*¹⁹; e catro *no cruceiro do Pichel (Momán)*.

¹⁵ Cruceiros do Barro (Burgás) e do Calvario (Cazás).
Cruz de Orxás (Lousada).

¹⁶ Cruceiros do Rego (Cabreiros), do Cemiterio (Pazo) (Lousada), de Vilachá (Lousada), de Casavella (Lousada), do Campo da Feira (Lousada), do Cemiterio (Lousada) e da Criba (Roupar).
Cristos de Besura (Lousada) e dos Fornos (Roupar).
Cruces da Ribeira (II) (Roupar) e do Vilar (Roupar).

¹⁷ Cruceiros de Alboiana (Burgás), do Medio (Burgás), do adro da igrexa (Burgás), do Rego (Cabreiros), do Covillón (Cazás), da Casavella (Lousada), do Campo da Feira (Lousada), do adro da igrexa (Miraz), da Xunqueira (Piñeiro), da Cerveira (Piñeiro), Cristo Enxoito (Xermade) e do Camiño (Xermade).

Cristo de Besura (Lousada).

Cruces do adro da igrexa (Roupar) e da “Casa do Camiño”(Xermade).

¹⁸ Cruceiros da “Casa de Pascualiñas” (I) e (II) (Burgás), dos Currás (Burgás), do Xastre (Burgás), de Leboré (Cabreiros), da Touza (Cabreiros), das Pedregosas (Candamil), do Carballiño (Candamil), do adro da igrexa (Candamil), do Aruxo (Cazás), da Carballosa (Cazás), de Vilachá (Lousada), da Casavella (Lousada), do adro da igrexa (Momán), de Ferreirías (Piñeiro), das Barreiras (Roupar), da Torre (Roupar), do adro da igrexa (Xermade) e de Castiñeiras (Xermade).

Cruces do adro da igrexa (Cazás), de ferro da ermida da Pastora (Cazás), da Ribeira (I) (Roupar) e das Casas Novas (Xermade).

¹⁹ Cruceiros da “Casa de Charón” (Burgás), do Barro (Burgás), do S. Martiño (Cabreiros), do Revellón (Cabreiros), do adro da igrexa (Cabreiros), do Empalme (Cabreiros), de Cabreiros (Cabreiros), do Castellano (Candamil), da “Casa da Pena” (Candamil), da Casavella (Cazás), da ermida da Pastora (Cazás), de Freán (Cazás), de Augas Roibas (Cazás), do Cemiterio (Pazo) (Lousada), do Pichel (Momán), do Campo da Feira (Momán), da Panda (Piñeiro), do adro da igrexa (2) (Roupar), do Campo (Roupar) e da Criba (Roupar).

Cruz do Sanche Pequeño (Piñeiro).

4.2. A BASE.

Amosa diferentes modalidades:

4.2.1. Unha base cun tramo de forma paralelepípeda e un segundo troncopiramidal en *oito cruceiros*²⁰ e *dúas cruces*, situadas no adro das igrexas de Cazás e Roupar.

4.2.2. Unha base monolítica formada por tres elementos: o primeiro paralelepípedo, separado dos outros dous, troncopiramidais, por unha escocia en *seis cruceiros*²¹.

4.2.3. De forma paralelepípeda *no cruceiro da Casavella (Lousada) e na cruz do Vilar (Roupar)*.

4.2.4. De forma paralelepípeda e coas arestas superiores rebaixadas en *catro cruceiros*²² e *nas cruces do Sanche Pequeño (Piñeiro) e da “Casa do Camiño” (Xermade)*.

4.2.5. Unha base monolítica formada por dous tramos, separados por unha escocia: o primeiro paralelepípedo e o segundo troncopiramidal cos bordos superiores redondeados en *seis cruceiros*²³.

4.2.6. De forma circular no *Cristo dos Fornos (Roupar)*.

4.2.7. De forma paralelepípeda na parte inferior e cun pequeno tramo troncopiramidal na superior no *Cristo de Besura (Lousada)*.

4.2.8. Unha base monolítica constituída por dúas partes: a inferior de forma troncopiramidal e a superior formada por un bocel, estando separadas ámbalas dúas partes por unha ampla moldura cóncava nos *cruceiros dos Currás (Burgás) e da Ermida da Pastora (Cazás)*.

4.2.9. Unha base de dous tramos: o inferior paralelepípedo e o superior constituído por un bocel, separados ambos os dous por unha ampla escocia no *cruceiro do Aruxo (Cazás) (FOTO 5)*.

4.2.10. De forma paralelepípeda en *catro cruceiros e nunha cruz*²⁴.

²⁰ Cruceiros da “Casa de Charón” (Burgás), do Medio (Burgás), do S. Martiño (Burgás), do Revellón (Cabreiros), de Leboré (Cabreiros), do Empalme (Cabreiros), de Cabreiros (Cabreiros) e das Pedregosas (Candamil).

²¹ Cruceiros da “Casa de Pascualiñas” (II) (Burgás), do adro da igrexa (Burgás), do Xastre (Burgás), do Barro (Burgás), de Vilachá (Lousada) e do adro da igrexa (Roupar).

²² Cruceiros do Campo da Feira de Lousada e Momán, da Pígaroa (Momán) e da Torre (Roupar)

4.2.11. Base monolítica cun primeiro tramo paralelepípedo en un segundo moldurado en caveto co bordo superior en bocel no *cruceiro de Freán (Cazás)*.

4.2.12. De forma paralelepípeda nos *dous cruceiros situados no adro das igrexas de Miraz (FOTO 10) e Roupar*.

4.2.13. Base constituída por un chanto de xisto de forma alongada en *nove cruces*²⁵.

4.2.14. De forma prismática cuadrangular na *cruz do Rego de Lavandeira (Cazás)*.

4.2.15. Base monolítica de dous tramos: o inferior paralelepípedo e o superior formado por unha moldura de talón ou cima reversa invertida en cinco cruceiros²⁶.

4.2.16. Base monolítica de dous elementos: o primeiro paralelepípedo e o segundo formado por unha ampla escocia no *cruceiro da Cerveira (Piñeiro)*.

4.2.17. Base monolítica constituída por tres corpos paralelepípedos, separados por dúas molduras de media cana no *Cristo Enxoito (Xermade) (FOTO 14)*.

4.2.18. De forma troncocónica na *cruz das Casas Novas (Xermade)*.

4.2.19. Base monolítica de tres tramos separados por molduras: o primeiro paralelepípedo, o segundo troncopiramidal e o terceiro paralelepípedo cos bordos superiores redondeados no *cruceiro do adro da igrexa de Cabreiros*.

4.2.20. Base monolítica formada por tres corpos: o primeiro paralelepípedo, o segundo moldurado en caveto e o terceiro troncopiramidal cos bordos superiores redondeados no *cruceiro da Touza (Cabreiros)*.

4.2.21. Base de dúas partes: a inferior paralelepípeda e a superior troncopiramidal coas arestas laterais en caveto no *cruceiro de Carballiño (Candamil)*.

4.2.22. Base monolítica, paralelepípeda pero tendente á troncopiramidalidade no *cruceiro da Pena de Arca (Cazás)*.

4.2.23. Base monolítica, cun primeiro tramo paralelepípedo e un segundo tendente á troncopiramidalidade por un rebaixe nas súas caras e arestas en forma de talón ou cima reversa invertida no *cruceiro da “Casa da Pena”(Candamil)*.

²³ Cruceiros da “Casa de Pascualiñas” (I) (Burgás), do Rego (Cabreiros), do adro da igrexa (Candamil), da Casavella (Cazás), de Augas Roibas (Cazás) e do Campo (Roupar).

²⁴ Cruceiros da Pedra do Val (Cazás), do Covillón (Cazás), da Carballosa (Cazás) e das Barreiras (Roupar).

Cruz de Portonovo (Roupar).

²⁵ Cruces do Camiño da Touza (Cabreiros), de Cabreiros, do Carregal (Cabreiros), de ferro (Candamil), de Quiroga (Momán), de ferro (Momán), da Pallota (2) (Momán), do Fonxérez (Momán).

²⁶ Cruceiros do Calvario (Cazás), do Pichel (Momán), da Xunqueira (Piñeiro), da Panda (Piñeiro) e do Camiño (Xermade).

4.2.24. Base monolítica de tres tramos: o primeiro paralelepípedo, cunha escocia de separación con respecto ó segundo, que amosa forma de gola, e o terceiro tamén presenta unha forma paralelepípeda cos bordos superiores redondeados no *cruceiro de Alboiana (Burgás)*.

4.2.25. Base monolítica, de forma troncopiramidal, coas caras e arestas laterais curvas no *cruceiro do Cemiterio (Cazás)*.

4.2.26. Base monolítica, cun primeiro tramo paralelepípedo e un segundo troncopiramidal cunha moldura de nacela invertida na *cruz de Penelas (Roupar)*.

4.2.27. Bases molduradas en trinta e nove *cruceiros e seis cruces*²⁷.

En relación ós elementos complementarios, a base presenta **algúns relevos da paixón no cruceiro da “Casa da Pena” (Candamil)**.

Así mesmo, amosa una inscrición en *vinteito cruceiros e catro cruces*²⁸ (**FOTO 15**). A inscrición normalmente fai alusión ás indulxencias concedidas polo bispo de Mondoñedo a todas as persoas, que recen diante do cruceiro unha serie de oracións: painoso, avemaría, salve, credo etc.; tamén adoita mencionar ás persoas vencelladas co cruceiro, así como a súa data de construción.

Como exemplos representativos de inscrición facemos referencia ás dos seguintes cruceiros e cruces:

²⁷ Cruceiros da “Casa de Pascualiñas” (I e II) (Burgás), do adro da igrexa (Burgás), de Alboiana (Burgás), dos Currás (Burgás), do Xastre (Burgás), do Barro (Burgás), do Revellón (Cabreiros), do adro da igrexa (Cabreiros), de Leboré (Cabreiros), da Touza (Cabreiros), do Rego (Cabreiros), do Carballiño (Candamil), do adro da igrexa (Candamil), dos Currás (Candamil), da “Casa da Pena” (Candamil), do Calvario (Cazás), do Aruxo (Cazás), da Casavella (Cazás), da ermida da Pastora (Cazás), de Freán (Cazás), de Augas Roibas (Cazás), de Vilachá (Lousada), do Cemiterio (Lousada), do adro da igrexa (Momán), do Pichel (Momán), do Campo da Feira (Momán), da Pigaroa (Momán), da Xunqueira (Piñeiro), de Ferreirías (Piñeiro), da Cerveira (Piñeiro), da Panda (Piñeiro), do adro da igrexa (2) (Roupar), do Campo (Roupar), da Torre (Roupar), do adro da igrexa (Xermade), Cristo Enxoiito (Xermade), do Camiño (Xermade).

Cruces da “Casa da Pena” (Candamil), de ferro da ermida da Pastora (Cazás), do Sanche Pequeño (Piñeiro), da Ribeira (II) (Roupar), de Penelas (Roupar) e Cruz da “Casa do Camiño” (Xermade).

²⁸ Cruceiros da “Casa de Charón” (Burgás), da “Casa de Pascualiñas” (I) (Burgás), dos Currás (Burgás), do Xastre (Burgás), do Barro (Burgás), do S. Martiño (Cabreiros), do Revellón (Cabreiros), do adro da igrexa (Cabreiros), de Leboré (Cabreiros), da Touza (Cabreiros), do Empalme (Cabreiros), do Rego (Cabreiros), de Cabreiros (Cabreiros), do Carballiño (Candamil), do adro da igrexa (Candamil), da “Casa da Pena” (Candamil), do Cemiterio (Pazo) (Lousada), do Campo da Feira (Lousada), do Pichel (Momán), da Xunqueira (Piñeiro), da Panda (Piñeiro), do adro da igrexa (Roupar), das Barreiras (Roupar), do Campo (Roupar), da Criba (Roupar), do adro da igrexa (Xermade), Cristo Enxoiito (Xermade), de Castiñeiras (Xermade).

Cruces do adro da igrexa (Cazás), da Golpilleira (Cazás), da Pallota (I) (Momán), das Casas Novas (Xermade).

A. CRUCEIRO DA “CASA DE PASCUALIÑAS” (I) (BURGÁS).

CARA NW: “ EL YLMO SEÑOR / OBISPO D MONDOÑ / EDO CONCEDIO 40
DI / AS DE INDULGENCIAS.

CARA SW: ... REZAR / ORACION A / POR LA DLANT / TE D ESTA..

CARA NE: DEBOCION DEL FI / NADO JOSE D CAS /
TRO EL AÑO / D 1895”.

B. CRUCEIRO DO ADRO DA IGREXA (CABREIROS) .

CARA LESTE: “ARZOBISPO D SAN/ TIAGO CONCEDIO /
100 DIAS INDULGEN/ CIA POR CADA ORACIÓN

CARA OESTE: Y EL EXCMO SR OBISPO / D LUGO 40 DIAS POR /
UN Credo O SALBE/

ADORAMOSTE STO / 22 D MARZO D 1871

CARA SUR: POR DEVOCION / D ALGUNOS VECI /
NOS D CASTRO

CARA NORTE: 30 D AGOSTO D 1870”.

C. CRUCEIRO DO REGO (CABREIROS) (FOTO 3)

CARA NW: “ ES DEVOCIÓN D D. / RAMÓN GATO PR / SUS
OBLIGACIONE / S Y LAS DE SUS PADRES / Y ESPOSA Dª MANU /
ELA PRIETO / A D 1909

CARA SW: EL YLLMO SR OBIS / PO D MONDOÑEDO /
CONCEDIO 50 DIAS / D YNDULGENCIAS PR REZAR /
CUALQUIERA ORACIÓN

CARA SE: APROBADA POR LA / YGLESA DELANTE / ESTAS
EFIGIES.”

D. CRUCEIRO DO PICHEL (MOMÁN).

CARA NW: “ EI ILUS. SR OBIS / PO DE MONDO CON
CEDIO 40 DIAS DE / INDULGENCIA A / LOS QUE REZAREN /
UN PADRENUESTRO / Credo o auto de con

CARA SW: TRICIÓN TRES AVES / MARÍAS O SALVE /
DELANTE ESTA / CRUZ

CARA SE: LO PUSO MANUEL / GONZÁLEZ

E. CRUCEIRO DA CRIBA (ROUPAR).

CARA SUR: “ ILLMO SR OBISPO / DE MONDOÑEDO /
CONCEDIÓ 40 DÍAS / DE INDULGENCIA

CARA LESTE: ORACIÓN / POR LA / IGLESIA DELAN / TE DE ESTAS
EFIGIES

CARA OESTE: AGUSTINA PERNAS.

F. CRUCEIRO DAS BARREIRAS (ROUPAR).

CARA NW: “ NIEVES ARES BOUZA / + EL 7-6-1948 / A LOS 22 AÑOS /
RECUERDO DE / SUS PADRES “.

G. CRUZ DA GOLPILLEIRA (CAZÁS).

CARA LESTE: “ PROPIEDAD / VICTORIANO PERNAS / AÑO 1976”.

H. CRUZ DAS CASAS NOVAS (XERMADE).

CARA SE: “ SU YELS OBISPO DE MONDOÑEDO /
CONCEDIO 40 DIAS DE INDULGEN / CIA POR UN PADRENUESTRO CRE
/ DO O SALBE FUE COSTEADA POR / FRANº GOMEZ AÑO 1894”.

4.3. O FUSTE.

O fuste adoita ser monolítico, prismático, de sección cuadrangular nos extremos e coas arestas oitavadas no resto.

4.3.1. ORNAMENTACIÓN DO FUSTE.

* As caras do extremo superior están ornamentadas polos seguintes motivos:

1. Por uns roeis e rombos²⁹. **(FOTO 16)**
2. Por unha custodia³⁰. **(FOTO 6)**
3. Pola lúa e o sol no *cruceiro do Castellano (Candamil)*. **(FOTO 4)**
4. Por unhas rosetas³¹. **(FOTO 17)**
5. Por unhas esvásticas nos *cruceiros da “Casa da Pena” (Candamil) e do Pichel (Momán)*.
6. Por unhas aspas e roeis no *cruceiro do Cemiterio (Pazo) (Lousada)*.

* O resto do fuste – na cara onde está situada a efixie de Cristo- está adornado *en trinta e sete cruceiros* polos instrumentos da paixón en relevo. A súa colocación nunha orde descendente é variable segundo facemos constar a continuación:

1. CRUCEIRO DA “CASA DE CHARÓN” (BURGÁS).

Tres cravos, un martelo, unhas tenaces, unha espada e unha escaleira de dez banzos.

2. CRUCEIRO DA “CASA DE PASCUALIÑAS” (I) (BURGÁS).

Un látego, tres cravos, un martelo, unhas tenaces, unha espada e dez banzos.

3. CRUCEIRO DA “CASA DE PASCUALIÑAS”(II) (BURGÁS).

Tres cravos, un martelo, unhas tenaces, unha espada e unha escaleira de dez banzos.

4. CRUCEIRO DO MEDIO (BURGÁS).

Parte inferior das catro caras agás a Leste. **CARA OESTE:** Escaleira de catro banzos.

²⁹ Cruceiros da “Casa de Charón” (Burgás), da “Casa de Pascualiñas” (II) (Burgás), do adro da igrexa (Burgás), de Alboiana (Burgás), do Xastre (Burgás), do Barro (Burgás), do S. Martiño (Cabreiros), do Revellón (Cabreiros), do adro da igrexa (Cabreiros), de Leboré (Cabreiros), da Touza (Cabreiros), do Empalme (Cabreiros), do Rego (Cabreiros), de Cabreiros (Cabreiros), das Pedregosas (Candamil), do adro da igrexa (Candamil), da Casavella (Cazás), de Augas Roibas (Cazás), de Vilachá (Lousada), de Ferreirías (Piñeiro), da Panda (Piñeiro), do adro da igrexa (Roupar), do Campo (Roupar) e da Criba (Roupar).

³⁰ Cruceiros da “Casa de Pascualiñas” (II) (Burgás), do Revellón (Cabreiros), da Touza (Cabreiros), do Rego (Cabreiros), de Augas Roibas (Cazás), de Vilachá (Lousada) e do adro da igrexa (Roupar).

³¹ Cruceiros da “Casa de Pascualiñas” (I) (Burgás), do adro da igrexa (Burgás), de Alboiana (Burgás), dos Currás (Burgás), do Barro (Burgás) e da Casavella (Lousada).

CARA SUR: Martelo. **CARA NORTE:** Tenaces.

5. CRUCEIRO DO ADRO DA IGREXA (BURGÁS).

Tres cravos, un martelo, unhas tenaces, unha espada e unha escaleira de dez banzos.

6. CRUCEIRO DE ALBOIANA (BURGÁS).

Tres cravos, un martelo, unhas tenaces, unha espada e unha escaleira de dez banzos.

7. CRUCEIRO DOS CURRÁS (BURGÁS).

Dous cravos, un cravo, un martelo, unhas tenaces e unha espada.

8. CRUCEIRO DO XASTRE (BURGÁS).

Tres cravos, unhas tenaces, un martelo, unha lanza e unha escaleira de dez banzos.

9. CRUCEIRO DO BARRO (BURGÁS).

Tres cravos, un martelo, unhas tenaces, unha espada e unha escaleira de dez banzos.

10. CRUCEIRO DO SAN MARTIÑO (CABREIROS).

Tres cravos, unhas tenaces, un martelo, unha espada e unha escaleira de dez banzos.

11. CRUCEIRO DO REVELLÓN (CABREIROS).

Tres cravos, un martelo, unhas tenaces, unha espada e unha escaleira de oito banzos.

12. CRUCEIRO DO ADRO DA IGREXA (CABREIROS). (FOTO 8)

Unhas tenaces, un martelo, tres cravos, unha espada e unha escaleira de dez banzos.

13. CRUCEIRO DE LEBORÉ (CABREIROS). (FOTO 2)

Tres cravos, un martelo, unhas tenaces, unha espada e unha escaleira de dez banzos.

14. CRUCEIRO DA TOUZA (CABREIROS).

Un cravo, dous cravos, un martelo, unhas tenaces, unha espada e escaleira de dez banzos.

15. CRUCEIRO DO EMPALME (CABREIROS).

Unhas tenaces, tres cravos, un martelo, unha espada e unha escaleira de dez banzos.

16. CRUCEIRO DO REGO (CABREIROS). (FOTO 3)

Tres cravos, un martelo, unhas tenaces, unha espada e unha escaleira de nove banzos.

17. CRUCEIRO DE CABREIROS (CABREIROS).

Tres cravos, un martelo, unhas tenaces, unha espada e unha escaleira de dez banzos.

18. CRUCEIRO DAS PEDREGOSAS (CANDAMIL).

Un látego de tres puntas, dous cravos, un cravo, unha espada, un martelo, unhas tenaces e unha escaleira de oito banzos.

19. CRUCEIRO DO CASTELLANO (CANDAMIL).

Tres cravos, unhas tenaces, un martelo, unha lanza e unha escaleira de oito banzos.

20. CRUCEIRO DO ADRO DA IGREXA (CANDAMIL).

Tres cravos, un martelo, unhas tenaces, unha espada e unha escaleira de dez banzos.

21. CRUCEIRO DA “ CASA DA PENA” (CANDAMIL).

Tres cravos, un martelo, unhas tenaces, unha lanza e unha escaleira de oito banzos.

22. CRUCEIRO DA CASAVELLA (CAZÁS). (FOTO 9)

Un cravo, dous cravos, un martelo, unhas tenaces e unha escaleira de oito banzos.

23. CRUCEIRO DE AUGAS ROIBAS (CAZÁS).

Unha columna da flaxelación, un martelo, unhas tenaces, tres cravos, unha espada e unha escaleira de dez banzos.

24. CRUCEIRO DO CEMITERIO (PAZO) (LOUSADA).

Unhas tenaces, tres cravos, un martelo, unha espada e unha escaleira de sete banzos.

25. CRUCEIRO DE VILACHÁ (LOUSADA). (FOTO 6)

Un látego, unha columna da flaxelación, tres cravos, un martelo, unhas tenaces e unha escaleira de nove banzos.

26. CRUCEIRO DA CASAVELLA (LOUSADA).

Un cravo, dous cravos, unhas tenaces, unha espada, un martelo e unha escaleira de catro banzos.

27. CRUCEIRO DO ADRO DA IGREXA (MOMÁN).

CARA SE: Escaleira de catro banzos.

CARA NE: Unhas tenaces.

CARA SW: Un martelo.

CARA NW: Un cravo.

28. CRUCEIRO DO PICHEL (MOMÁN).

Tres cravos, unhas tenaces, un martelo, unha espada e unha escaleira de dez banzos.

29. CRUCEIRO DA XUNQUEIRA (PIÑEIRO).

CARA NW: Un martelo.

CARA SW: Unhas tenaces.

CARA NE: Unha escaleira de tres banzos.

CARA SE: Un látego.

30. CRUCEIRO DE FERREIRÍAS (PIÑEIRO). (FOTO 11)

Tres cravos, un martelo, unhas tenaces, unha espada e unha escaleira de dez banzos.

31. CRUCEIRO DA PANDA (PIÑEIRO).

Unha espada, tres cravos, un martelo, unhas tenaces, outro martelo e unha escaleira de seis banzos.

32. CRUCEIRO NOVO DO ADRO DA IGREXA (ROUPAR).

CARA NORTE: Unhas tenaces.

CARA SUR: Unha escaleira de tres banzos.

CARA LESTE: Un martelo.

CARA OESTE: Un látego.

33. CRUCEIRO DO ADRO DA IGREXA (77) (ROUPAR).

Tres cravos, un martelo, unhas tenaces, unha espada e unha escaleira de dez banzos.

34. CRUCEIRO DO CAMPO (ROUPAR).

Un látego, tres cravos, un martelo, unhas tenaces, unha espada e unha escaleira de dez banzos.

35. CRUCEIRO DA CRIBA (ROUPAR).

Tres cravos, un martelo, unhas tenaces, unha espada e unha escaleira de dez banzos.

36. CRUCEIRO DO ADRO DA IGREXA (XERMADE). (FOTO 13)

Tres cravos, un martelo, unhas tenaces, unha espada e unha escaleira de dez banzos.

37. CRUCEIRO DE CASTIÑEIRAS (XERMADE).

Tres cravos, un martelo, unhas tenaces, unha espada e unha escaleira de seis banzos.

4.3.2. INSCRICIÓNS NO FUSTE.

O fuste amosa algunha inscrición en *sete cruceiros*³². Exemplos representativos.

*** CRUCEIRO DO REGO (CABREIROS).**

CARA NW. (extremo superior): **S. RAMÓN.**

*** CRUCEIRO DA “CASA DA PENA” (CANDAMIL).**

³² Cruceiros dos Currás (Burgás), do Xastre (Burgás), do adro da igrexa (Cabreiros), do Rego (Cabreiros), da “Casa da Pena” (Candamil), do Pichel (Candamil), do Camiño (Xermade).

CARA SE. (extremo inferior): *AÑO/DE / 1823/*.

* **CRUCEIRO DO CAMIÑO (XERMADE).**

CARA NW. (extremo inferior): *AÑO / D / 1855/*.

4.4. O CAPITEL.

O capitel presenta formas variadas:

4.4.1. Cúbica con molduras en *dez cruceiros*³³.

4.4.2. Troncopiramidal invertida en *trinta e oito cruceiros*³⁴. **(FOTO 17)**

4.4.3. Con equino e ábaco en *cinco cruceiros*³⁵. **(FOTO 10)**

4.4.4. Con ábaco en *nove cruceiros*³⁶.

4.4.5. Con ábaco, bocel e nacela *nos cruceiros do Medio (Burgás) e Carballiño (Candamil)*.

4.4.6. De dúas partes: a inferior troncopiramidal e a superior paralelepípeda *nos cruceiros dos Currás (Candamil) e das Barreiras (Roupar)*.

4.4.7. Con molduras en *vinteseite cruceiros*³⁷.

Con respecto á decoración este elemento artístico amosa distintos temas:

³³

Cruceiros do Medio (Burgás), do Aruxo (Cazás), da Pedra do Val (Cazás), do Campo da Feira (Lousada), do adro da igrexa (Miraz), da Panda (Piñeiro), novo do adro da igrexa (Roupar), da Torre (Roupar), Cristo Enxoiado (Xermade), do Camiño (Xermade).

³⁴ Cruceiros da “Casa de Charón” (Burgás), da “Casa de Pascualiñas” (Burgás), do adro da igrexa (Burgás), de Alboiana (Burgás), dos Currás (Burgás), do Xastre (Burgás), do Barro (Burgás), do S. Martiño (Cabreiros), do Revellón (Cabreiros), do adro da igrexa (Cabreiros), de Leboré (Cabreiros), da Touza (Cabreiros), do Rego (Cabreiros), de Cabreiros (Cabreiros), das Pedregosas (Candamil), do Castellano (Candamil), do adro da igrexa (Candamil), da “Casa da Pena” (Candamil), do Calvario (Cazás), do Cemiterio (Cazás), do Covillón (Cazás), da Casavella (Cazás), da Pena de Arca (Cazás), da Carballosa (Cazás), de Freán (Cazás), de Augas Roibas (Cazás), do Cemiterio (Pazo) (Lousada), de Vilachá (Lousada), da Casavella (Lousada), do Cemiterio (Lousada), do Campo da Feira (Momán), da Pigaróa (Momán), de Ferreirías (Piñeiro), do adro da igrexa (Roupar), do Campo (Roupar), da Criba (Roupar), do adro da igrexa (Xermade), de Castiñeiras (Xermade).

³⁵ Cruceiros do Carballiño (Candamil), da ermida da Pastora (Cazás), do adro da igrexa (Miraz), novo do adro da igrexa (Roupar) e da Torre (Roupar).

³⁶ Cruceiros do Medio (Burgás), da Touza (Cabreiros), da Pena de Arca (Cazás), da Carballosa (Cazás), do Campo da Feira (Momán), da Pigaróa (Momán), da Xunqueira (Piñeiro), da Cerveira (Piñeiro), do adro da igrexa (Roupar).

³⁷ Cruceiros do Medio (Burgás), dos Currás (Burgás), do Xastre (Burgás), da Touza (Cabreiros), do Carballiño (Candamil), dos Currás (Candamil), da “Casa da Pena” (Candamil), do Calvario (Cazás), do Aruxo (Cazás), do Cemiterio (Cazás), da Pedra do Val (Cazás), do Covillón (Cazás), da ermida da Pastora (Cazás), da Pena de Arca (Cazás), da Carballosa (Cazás), de Freán (Cazás), da Casavella (Lousada), do Campo da Feira (Lousada), do adro da igrexa (Miraz), do Campo da Feira (Momán), da Pigaróa

- * Querubíns e volutas en *trinta cruceiros*³⁸. ***(FOTO 18)***
- * Querubíns nos *cruceiros do Medio (Burgás) e no adro da igrexa (Roupar)*.
- * Volutas no *cruceiro do Aruxo (Cazás)*
- * Dobres volutas e querubíns no *cruceiro do Castellano (Candamil)*.
- * Volutas unidas por unha cadea nos *cruceiros do adro da igrexa (Burgás), de Alboiana (Burgás), do Barro (Burgás) (FOTO 16) e das Pedregosas (Candamil)*.
- * Merlóns nos cruceiros da Casavella (Cazás) ***(FOTO 17)*** e da Panda (Piñeiro).
- * Relevo dun rostro nos *cruceiros de Freán (Cazás) e do Camiño (Xermade)*.

Así mesmo, o capitel amosa unha inscrición nos *cruceiros da Touza (Cabreiros) e no do adro da igrexa (Roupar)*.

1º. CRUCEIRO DA TOUZA.

CARA LESTE: “S. JOSÉ Y S. FRANCISCO”

2º. CRUCEIRO DO ADRO DA IGREXA.

CARA SW: “S. ANTONIO Y S. JUAN”

4.5. A CRUZ.

Mostra as seguintes formas na súa sección:

1ª Sección circular nos *cruceiros do Carballiño (Candamil) e no adro da igrexa (Roupar)*.

2ª Sección cuadrangular nos seus extremos e as arestas oitavadas no resto en *cincuenta e tres cruceiros, dous cristos e oito cruces*³⁹.

(Momán), da Xunqueira (Piñeiro), da Cerveira (Piñeiro), novo do adro da igrexa (Roupar), da Torre (Roupar), Cristo Enxoito (Xermade), do Camiño (Xermade).

